

Acta núm. 04/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 08 de marzo de 2022.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
 María Rosa Romero Fariña.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 Carlos Noya Pereira.
 Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 8 de marzo de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 03/2022, DO 22.02.2022.
 - 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
 - 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
 - 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- FORA DA ORDE DO DÍA:
 1. CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 03/2022, DO 22.02.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 22.02.2022, acta núm. 03/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANDRA ROMERO MARTÍNEZ, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita no lugar de Tembra nº 61- Boullón, coas seguintes características:

- Nos laterais farase con dúas fileiras de bloques e arame por enriba ata unha altura total de 1.80 metros.
- Na parte frontal en contacto coa vía pública farase con bloques ata unha altura de 1.20 metros e arame por enriba ata unha altura total de 1.80 metros, separado do eixo da vía pública 5.50 metros, colocarase un portalón de acceso nesta parte.

A parcela (4245624NH2444N0001BT) asentase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (área non consolidada/Ordenanza NRL-2) e sitúase nas aforas da aldea de Tembra (área de expansión ou non consolidada pola edificación), integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como MBE1, e en base á Instrución de 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 172,43 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 237,00 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FLORINDA MAGARIÑOS PEREIRA, na que comunica que vai facer un peche na parte frontal de dúas parcelas contiguas, en contacto coa vía pública, no lugar de Liñares – Brión. O peche terá unha lonxitude de 8,20 metros lineais e afastarase 5,50 metros do eixe do vial, farase con postes de formigón e malla galvanizada. As parcelas (5750418NH2455S0001FA, 5750416NH2455S0001LA) onde se pretenden executar as obras emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O peche non superará a altura máxima de 1,80 metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 77,37 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL BOTANA CARDAMA, na que comunica que pretende construír un peche parcial, nunha parcela sita no lugar de Cabreiros – Brión; o peche terá unha lonxitude aproximada de 112 metros lineais, farase con bloques prefabricados de formigón ata unha altura de 40 cms., e por enriba arame ata unha altura máxima de 1,80 metros. A parcela (6259901NH2466S0001YO) na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2), e atópase dentro da zona de policía de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 23.02.2022, clave DH.W15.74455, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O peche, na parte que está en contacto coa vía pública deberá de afastarse a 5 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 81,67 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 146,24 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICTORIA RIVAS VERDE, na que comunica que vai realizar varias obras nunha vivenda sita no lugar de Piñeiro nº 13 – Os Ánxeles, consistentes en:

- Substitución da cuberta da vivenda, empregando chapas de fibrocemento e tella, sen incrementar o volume nin modificar a estrutura actual da mesma.
- Pintado das fachadas laterais da vivenda.

A parcela (6143607NH2464S0001FZ) onde se empraza a edificación na que se pretenden executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 73,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 138,17 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ISABEL BANET DÍAZ na que comunica que vai facer obras de conservación na cuberta dunha vivenda sita no lugar de Adoufe nº 9 – Os Anxeles, consistentes en substituír a cuberta vella por outra nova, empregando chapas de fibrocemento e tella por enriba, sen incrementar o volume nin afectar a estrutura portante da mesma. A parcela (6855403NH2465S0001HG) onde se van realizar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e sitúase nunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como AE1, e en base á Instrución de 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 144,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 209,47 euros

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por REGINO MARQUÉS GARCÍA na que comunica que vai facer obras de conservación na cuberta dunha vivenda sita na Avda. de Santa Minia nº 35 – Brión, consistentes en substituír a cuberta vella por outra nova, empregando chapas de fibrocemento e tella por enriba, sen incrementar o volume nin afectar a estrutura portante da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (6257203NH2465N0005DA) na que se pretende executar a obra atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 73,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 137,77 euros

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA ISABEL SÚAREZ MOSQUERA, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta nunha parcela sita no lugar de Xinzo nº 15 – Bastavales.

A piscina terá unhas dimensións de 9 metros de longo x 3,80 metros de ancho x 1,32 metros de fondo; situarase na parte traseira da parcela, sobre a que existe unha vivenda unifamiliar e afastarase un mínimo de 3 metros dos lindeiros.

A parcela (0110812NH3401S0001ER) onde se van realizar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 184,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 248,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MERCEDES CALO MARTÍNEZ, na que comunica que vai ampliar unha edificación auxiliar (alpendre), ata a superficie total de 50 m² e unha altura máxima de 3 metros, en Mourentáns nº 38 – Viceso.

A parcela (1474401NH2417S0001LY) onde se van realizar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural consolidado pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO 1), e situase dentro da aldea de Mourentáns, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como VE2, e non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As fachadas do alpendre estarán convenientemente revestidas e pintadas en cores claros e a cuberta será de tella cerámica.
- A ampliación situarase mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 42,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 106,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cirugeda García, que di actuar en representación NEDGIA GALICIA, S.A., na que solicita licenza para levar a cabo a extensión da rede de distribución de gas natural para dar subministro a un inmovible sito na Avda de Pedrouzos 15, canalizando unha nova acometida directa desde a rede existente, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Madrid, de data 27/01/22.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A acometida axustarase en todo momento aos requirimentos que se establecen no Regulamento técnico de distribución e utilización de combustible gasosos (R.D.919/2006) e o Real Decreto (1434/2002) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedemento de autorización de instalacións de gas natural.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 200 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 4,98 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 69,55 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita en Bastavaliños nº 44 (ref. catastral 7118716NH2471N0001TS.) – Bastavales. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 41 metros, segundo

proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 19.11.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 424,85 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 84,97 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 149,54 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita en Beca nº 35 (Ref. catastral 9808803NH2490N0001GE) - Beca. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 82 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 19.01.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 08.02.2022, clave DH.W15.80746, e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 995,79 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 199,16 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 263,73 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda en Gronzo nº 16 (ref. catastral 4754402NH2445S0001LU) – Brión. Para a canalización do mencionado condutor, realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 52 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 16.11.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera

caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 577,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 115,41 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 179,98 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Brenlla Romarís, que di actuar en representación de XOSÉ VÁZQUEZ SUÁREZ, solicitando licenza para obras de reparación dun alpendre anexo á vivenda, sito no lugar de Goiáns, nº 13 - Luaña, consistentes en cambiar a cuberta e estrutura que a suxeita sen incrementar o volume, recubriendo con placas de fibrocemento e tella por enriba, reforzar e completar o muro lateral esquerdo e enfuscar e pintar con cores claras as fachadas do mesmo, segundo a memoria asinada pola arquitecta, Ana María Brenlla Romarís visada polo Colexio Oficial de Arquitectos da Coruña o 14.12.2021 (expte. 21003525)

A parcela (8142403NH1484S0001FJ) onde se pretenden executar as obras situase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM. A aldea de Goiáns atópase integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM. Clave identificativa: LE1., en base á Instrución de 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado pola arquitecta Ana María Brenlla Romarís visada polo Colexio Oficial de Arquitectos da Coruña o 14.12.2021 (expte. 21003525)

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 150,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 246,03 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Eladio Riveiro García, que di actuar en representación de GRUPO EMPRESARIAL NANDO S.L.U, solicitando licenza para rehabilitar unha vivenda unifamiliar no lugar de San Salvador nº 10 – San Salvador, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Manuel Abelleira Argibay, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26.12.2019 e documentación complementaria visada o 10.02.2022 (expte. núm. 1906406).

A parcela (referencia catastral: 7525417NH2472N0001DY) atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2), e

situase na aldea de San Salvador, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM (clave identificativa: SBE-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (expte. 1289/20), e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Manuel Abelleira Argibay, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26.12.2019 e documentación complementaria visada o 10.02.2022 (expte. núm. 1906406), debendo cumprir as condicións sinaladas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (15,17 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (adoquín de formigón en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe do arquitecto municipal, a aceptación da cesión efectuada de 15,17 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 4 de marzo de 2022.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.198,36 euros.



.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
Total: 1.294,39 euros.

FORA DA ORDE DO DÍA:

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar a urxencia do seguinte asunto:

1.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Sandra Pedrares Barbazán, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Xinzo nº 26 - Bastavales, concedida en Xunta de Goberno Local do 04.07.2007 a nome de Promocións Mallón Entreríos S.L., e poñela a nome de Sandra Pedrares Barbazán e Ramón Castro Mata.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obras solicitada, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 04.07.2007, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titulares da licenza de obra a, Sandra Pedrares Barbazán e Ramón Castro Mata, que quedan subrogados en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,21 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González